Facultade de Enfermaría e Podoloxía
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# Regulamento para a elaboración dos traballos de fin de grao na Facultade de Enfermaría e Podoloxía


| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 1/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

# Contido


1. Natureza e características do traballo de fin de grao ... 4
2. Procedemento de elaboración do traballo de fin de grao ... 5
   - 2.1. Oferta de bloques temáticos ... 5
   - 2.2. Titorizacion académica do TFG ... 6
   - 2.3. Entrega da proposta do TFG ... 7
   - 2.4. Entrega do TFG ... 7
3. Estrutura do traballo de fin de grao ... 8
4. Proceso para a avaliación e a defensa do traballo de fin de grao ... 9
   - 4.1. Selección do tribunal avaliador ... 9
   - 4.2. Convocatoria para a exposición e a defensa do traballo de fin de grao ... 10
   - 4.3. Exposición e defensa do traballo de fin de grao ... 10
   - 4.4. Acta de cualificación ... 10
5. Revisións e reclamacións das cualificacións ... 12
   - 5.1. Revisión das cualificacións ... 12
     - 5.1.1. Revisión das cualificacións do titor ... 12
     - 5.1.2. Revisión das cualificacións do tribunal ... 12
   - 5.2. Reclamación das cualificacións ... 12
6. Publicación do traballo de fin de grao ... 12
7. Disposición final ... 12

Anexo I. Proposta de traballo de fin de grao ... 13

Anexo II. Estrutura xeral do traballo de fin de grao ... 14

Anexo III. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de revisión sistemática ... 15

Anexo IV. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de revisión cualitativa ... 16

Anexo V. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de estudo dun caso ... 17

Anexo VI. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de proposta de investigación (cuantitativa) ... 18

Anexo VII. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de proposta de investigación (cualitativa) ... 20

Anexo VIII. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de traballo de investigación (cuantitativa) ... 22





| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 2/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

Anexo IX. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de traballo de investigación (cualitativa) ........ 23

Anexo X. Contido específico do traballo de fin de grao na modalidade de revisión narrativa ........ 24

Anexo XI. Acta individual de cualificación do titor ........ 25

Anexo XII. Acta individual de cualificación final. ........ 26

Anexo XIII. Acta de cualificación final de traballos de fin de grao ........ 27

Anexo XIV. Denegación da publicación do traballo de fin de grao no Repositorio Institucional da Universidade da Coruña ........ 28



| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 3/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

## 1. Natureza e características do traballo de fin de grao

De acordo co artigo 12.3 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, as ensinanzas oficiais de grao concluirán coa elaboración dun traballo de fin de grao (en diante, TFG).

Así mesmo, de conformidade co texto consolidado da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo de fin de grao (TFG) e o traballo de fin de mestrado universitario (TFM) da Universidade da Coruña (en diante, UDC), aprobada polo Consello de Goberno con data do 19 de decembro de 2013, o devandito traballo supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual ou en grupo, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión dun ou máis directores. Esta mesma normativa establece que no TFG deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.

Tal e como sinalan as Directrices para a elaboración dos regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC, aprobadas polo Consello de Goberno con data do 22 de xullo de 2011, deberá quedar de manifesto que o tema de que for obxecto o TFG, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, terá que posibilitar que o/a estudante o realice no número de horas equivalentes aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establecer. O centro velará mediante os procedementos de coordinación e control que determine por que isto se cumpra e, en consecuencia, se poidan alcanzarse as taxas de eficiencia, éxito e graduación a que fai referencia a memoria do grao.

O TFG (6 ECTS) só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia fidedigna de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para obter o título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG, tal e como se recolle no texto consolidado da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo de fin de grao (TFG) e do traballo de fin de mestrado universitario (TFM), antes citado.

De por parte, as xa mencionadas Directrices para a elaboración dos regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC establecen que o TFG non ten a natureza dun traballo investigador. Con todo, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderán a quen o realizase, tal e como queda recollido no apartado h) do artigo 8 do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o estatuto de estudante universitario, sen prexuízo de se poderen compartir estes dereitos, de así o acordaren o/a autor/a e outros implicados na elaboración do TFG.

Serán obxectivos e competencias do TFG os propios que conforman o título de grao en cuestión.




| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 4/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

# 2. Procedemento de elaboración do traballo de fin de grao

## 2.1. Oferta de bloques temáticos

O TFG tratará fundamentalmente acerca de temas e aspectos do grao correspondente. Así, á hora de o levaren a cabo os estudantes deberán optar entre os seguintes campos temáticos:

**Grao en Enfermaría**

| Campos temáticos | Subcampos/subtemas |
|---|---|
| Práctica profesional, ética e legal | • Ética e práctica profesional<br>• Aspectos legais da práctica profesional |
| Educación e bases teóricas e metodoloxías de enfermaría | • Educación para a saúde<br>• Bases teóricas e metodolóxicas de enfermaría |
| Prestación e xestión de coidados de enfermaría nos distintos ámbitos da práctica | • Ámbito hospitalario e extrahospitalario<br>• Ámbito comunitario<br>• Ámbito sociosanitario |
| Comunicación terapéutica e relacións interpersoais | • Comunicación terapéutica<br>• Relacións interpersoais<br>• Relacións de axuda |

**Grao en Podoloxía**

| Campos temáticos | Subcampos/subtemas |
|---|---|
| Principios básicos e xerais en podoloxía | • Anatomía<br>• Fisioloxía<br>• Psicoloxía<br>• Bioloxía<br>• Microbioloxía e parasitoloxía<br>• Patoloxía xeral<br>• Farmacoloxía<br>• Sistemas de información e comunicación en ciencias da saúde<br>• Método científico e saúde pública |
| Podoloxía xeral e biomecánica | • Podoloxía xeral<br>• Biomecánica do membro inferior<br>• Radiodiagnóstico e radioprotección<br>• Podoloxía preventiva<br>• Bioética, lexislación e xestión en podoloxía |
| Patoloxía podolóxica, tratamentos ortopodolóxicos, físicos e farmacolóxicos | • Ortopodoloxía<br>• Ortesioloxía dixital e calzadoterapia<br>• Patoloxía podolóxica<br>• Podoloxía física<br>• Terapéutica farmacolóxica<br>• Podoloxía deportiva<br>• Dermatoloxía |
| Quiropodoloxía e cirurxía podolóxica | • Quiropodoloxía<br>• Cirurxía podolóxica<br>• Pé de risco<br>• Técnicas e procedementos en prevención da infección |



| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 5/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

No inicio do mes de Xullo, a Facultade de Enfermaría e Podoloxía (en diante, FEP) ofertará os campos temáticos para a elaboración dos TFG aos profesores con docencia nos graos que se imparten no centro, coa finalidade de que se adscriban a aqueles que sexan do seu interese.

Na guía docente da materia TFG, aparecerá en cada curso académico a adscrición de cada docente os campos temáticos e o número de traballos a titorizar para ese curso académico. O número de titorizacións para un curso académico será a seguinte:

- docentes a tempo parcial T1: poderán non ofertar titorización. En caso de que decidan titorizar o seu límite será un máximo de 5.
- T3, CIS e Vinculados/as: mínimo de 2 e máximo de 5.
- Docentes a tempo completo: mínimo de 4 e máximo de 6.

No suposto de que un docente non comunique a súa adscrición e o número de titorizacións, será a Comisión de Docencia e Validacións do centro a que renove a adscrición do curso anterior e asignará o número mínimo de titorizacións.

No caso de que o número de alumnos matriculados supere a oferta dos titores, terase en conta o POD do profesorado.

A Comisión de Docencia e Validacións da FEP estudará e informará da adscrición dos profesores aos distintos campos temáticos para a elaboración dos TFG, e será o órgano que estableza a oferta final. A FEP fará pública a través do Campus Virtual a listaxe dos campos temáticos ofertados nese curso académico.

A primeiros de novembro, o estudantado sin aceptación previa será convocado a unha sesión presencial para, por orde de preferencia, elixir o campo temático e subcampo ofertado polo profesor. O chamamento realizarase tendo en conta o expediente académico do alumno. Este procedemento de solicitude debe ser levado a cabo por todos os estudantes matriculados na materia do TFG do curso correspondente, mesmo se xa estiveron matriculados nesta materia e solicitaron a súa inscrición nos campos temáticos en cursos anteriores, agás os que presenten no prazo establecido o Documento de solicitude de continuidade do TFG coa mesma liña temática e dirección.

Dende o decanato farase público o documento coa relación definitiva de asignación de alumnos antes de finalizar o mes de novembro.

Se o alumnado se matricula no período de ampliación da matrícula, no mes de febreiro, os procedementos establecidos deberán estar finalizados antes de que remate o mes de marzo.

Calquera modificación posterior desta asignación terá que efectuarse de común acordo entre o estudantado e o o profesorado afectado, e, en todo caso, sempre que a Comisión de Docencia e Validacións da FEP o autorice e faga público.

## 2.2. Titorizacion académica do TFG

O TFG será titorizado ao menos por un/ha profesor/a con docencia no grao correspondente, que terá as seguintes responsabilidades:

a) Expoñerlles aos estudantes cuxa titoría exerza as características do traballo e orientalos no desenvolvemento deste.



| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 6/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

b) Realizar un seguimento da elaboración do TFG e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.

c) Avaliar numericamente o traballo efectuado polo/a alumno/a seguindo os criterios de valoración establecidos pola Comisión de Docencia e Validacións da FEP e aprobados pola Xunta de Centro, que serán expostos no Campus Virtual para o coñecemento de todas as partes implicadas. A nota máxima será de 7 puntos.

d) Se o alumno acada unha cualificación igual ou superior a 3,5 (sobre 7) o titor poderá autorizar a defensa do TFG na Secretaría Virtual do Profesorado.

O TFG poderá ser titorizado por máis dunha persoa. Nese caso, cando menos unha delas deberá ser un membro do profesorado con docencia no grao en que estiver matriculado/a o/a estudante.

Por outra parte, se no marco dun convenio de prácticas os estudantes teñen que desenvolver parte do TFG ou a súa totalidade noutro organismo distinto á UDC, unha das persoas que dirixa o traballo poderá pertencer a esa entidade, co fin de que colabore na definición e o desenvolvemento do TFG.

### 2.3. Entrega da proposta do TFG

Os estudantes deberán subir á sección do Campus Virtual dedicada ao TFG, debidamente cuberto, o Anexo I deste regulamento, no período establecido pola FEP. Esta xestión será requisito para poder presentar e defender o TFG posteriormente.

O alumnado poderá elixir entre as seguintes modalidades de TFG:

a) Revisión sistemática

b) Revisión Narrativa

c) Estudo dun caso

d) Proposta de investigación

e) Traballo de investigación

### 2.4. Entrega do TFG

As datas de entrega do TFG para as diferentes convocatorias serán informadas pola Comisión de Docencia e Validacións da FEP e aprobadas en Xunta de Centro, e daráselles a correspondente publicidade.

Os estudantes deberán enviar unha copia do TFG en formato PDF ao Campus Virtual, xunto coa solicitude de defensa rexistrada na Unidade de Xestión Académica Integrada (UXAI).





| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 7/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

## 3. Estrutura do traballo de fin de grao

A estrutura xeral con que debe contar a presentación do TFG vén detallada no Anexo II deste regulamento. As estruturas particulares para cada modalidade de TFG recóllense nos anexos III, IV, V, VI, VII, VIII, IX e X. En calquera caso, os seguintes serán trazos comúns ao conxunto dos TFG:

a) O TFG poderá estar redactado en galego ou en castelán.

b) Contará cunha extensión orientativa de entre 15 e 25 páxinas, sen contar o índice, a bibliografía e os anexos que inclúa.

c) A fonte e o tamaño de letra serán uniformes en todo o texto (Arial de 12 puntos) e o interliñado utilizado será de 1,5 liñas, con posibilidade de adaptación nas táboas que figuren no traballo.

d) As marxes da páxina axustaranse ás seguintes dimensións: superior e inferior de 2 cm, lateral esquerda de 2 cm e lateral dereita de 2 cm.

e) O texto debe estar paxinado, cos números de páxina centrados na marxe superior. No pé de páxina consignarase o título do traballo, o título abreviado do traballo ou, de ser o caso, o nome completo do/a alumno/a.




| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 8/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

# 4. Proceso para a avaliación e a defensa do traballo de fin de grao

## 4.1. Selección do tribunal avaliador

- Se designarán 3 tribunais avaliadores de TFG no Grao de Enfermería e 2 tribunais avaliadores de TFG no Grao de Podoloxía, para cada curso académico (3 convocatorias).
- Serán seleccionados por sorteo nunha Xunta de Facultade, e formarán parte do mesmo durante 3 convocatorias consecutivas celebradas en xuño (1ª oportunidade), setembro (2ª oportunidade) e xaneiro/febreiro (convocatoria adiantada).
- O/A director/a dun TFG non poderá formar parte do tribunal que califica a defensa do traballo.

Cada tribunal estará formado como mínimo por tres persoas, e 3 suplentes, que poderán suplir as funcións de algún membro do tribunal que por motivo xustificado de forza maior non poida desempeñar o seu cometido ou puntualmente se o traballo defendido está titorizado por un membro do tribunal. Todas elas deberán ser membros do profesorado do centro que imparte docencia no título de grao, de acordo co texto consolidado da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo de fin de de grao (TFG) e do traballo de fin de mestrado universitario (TFM). Así, os tribunais terán a seguinte composición:

a) Presidencia: será exercida polo/a profesor/a de maior categoría e antigüidade, que terá a responsabilidade de moderar a exposición oral do traballo.

b) Secretaría: ocupada polo/a seguinte profesor/a de maior categoría e antigüidade, quen se encargará de cubrir a acta individual da defensa e avaliación dos TFG que o tribunal avalíe (Anexo XII) e mais a acta de cualificación final do TFG (Anexo XIII), así como de introducir e asinar as cualificacións dos TFG nas actas dixitais.

c) Vogalía, correspondente ao restante membro do tribunal.

Será elixible para constituír os tribunais de avaliación dos TFG dunha titulación todo o profesorado que imparta docencia en calquera das materias do título de grao correspondente e que ofertara prazas de titorización nese curso académico. Non obstante, ningún membro deste profesorado será elixible para máis dun tribunal por convocatoria, independentemente da titulación (para o caso dos profesores que imparten docencia nos dous títulos de grao da FEP).

A selección de tribunais levarase a cabo nunha sesión da Xunta de Centro, mediante o seguinte procedemento: Co obxectivo de asegurar a representatividade das competencias do título na composición dos tribunais cada profesor asignarase nunha das tres urnas por titulación do sorteo dependendo:

- Enfermaría: urna de básicas, urna de específicas e urna de clínicas, segundo as competencias da súa docencia están maioritariamente nunha ou outra delas.
- Podoloxía: urna de básicas, urna de quiropodoloxía-ciruxía e urna de ortopodoloxía-patomecánica, se as competencias da súa docencia están maioritariamente nunha ou outra delas.

Un voluntario da Xunta de Centro retirará unha papeleta de cada urna e quedarán así elixidos os membros titulares.

Unha vez escollidos os titulares dos tribunais, establecerase quen será o presidente, o secretario e o vogal, seguindo o establecido nos criterios de composición. A continuación levarase a cabo o sorteo dos tres suplentes mediante un novo sorteo. Os profesores elixidos como membros titulares




| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 9/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

e suplentes dos tribunais quedarán excluídos dos seguintes sorteos, mentres haxa profesores que non fosen seleccionados.

Unha vez determinada a súa composición, e no período previo ao proceso de avaliación dos TFG, cada tribunal será asignado por sorteo a cada un dos grupos de estudantes matriculados no TFG .

A composición dos tribunais serán publicada no taboleiro da FEP e na plataforma Moodle.

Aqueles profesores que non poidan participar nos tribunais por causas xustificadas deberán comunicalo ao Decanato da FEP, para a valoración do seu caso pola Comisión de Docencia e Validacións. Con este obxecto, terán que presentar o formulario creado para tal efecto, antes da data dos sorteos, ou, en casos excepcionais, antes da celebración do acto.

### 4.2. Convocatoria para a exposición e a defensa do traballo de fin de grao

Unha vez realizado o sorteo, o presidente, dentro do plazo que se estableza, deberá remitir á secretaría da FEP unha proposta de data e horario para a exposición e defensa dos traballos, que será publicada no Moodle e no taboleiro da Facultade para coñecemento dos interesados.

O presidente será o responsable de convocar, nunha sesión extraordinaria, ao tribunal para a valoración do traballo.

### 4.3. Exposición e defensa do traballo de fin de grao

O estudantado cunha nota igual ou superior a 3,5 sobre 7, poderá solicitar a defensa do TFG que será presencial e pública, tal e como sinala o texto consolidado da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo de fin de grao (TFG) e do traballo de fin de mestrado universitario (TFM), antes mencionado.

A defensa consistirá na exposición oral do traballo durante un tempo máximo de 10 minutos, en que se dará conta dos seus aspectos máis salientables. O alumnado poderá axudarse dos medios informáticos e audiovisuais que estime pertinentes.

A exposición oral realizarase en galego ou castelán.

Logo da exposición, os membros do tribunal poderán formular as preguntas e solicitar as aclaracións que consideren oportunas para poder xulgar a exposición e defensa, ás cales os alumnos deberán dar resposta. O tempo máximo establecido para esta defensa será de 15 minutos.

Finalmente, o tribunal deliberará e procederá a lle outorgar ao TFG a cualificación que se trasladará á acta individual do TFG, no seu apartado sobre a exposición e defensa (Anexo XII).

A nota máxima que poderá acadar o estudante neste apartado será de 3 puntos, respectando o establecido no texto consolidado das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, aprobadas polo Consello de Goberno con data do 19 de decembro de 2013.

### 4.4. Acta de cualificación

O tribunal avaliador contará con todas as cualificacións precisas para establecer a cualificación final, sendo o titor o responsable de subir a través do repositorio documental a acta da súa cualificación (Anexo XI).




| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 10/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

O/a secretario/a do tribunal cubrirá e a acta de cualificación final do TFG (Anexo XIII), que se fará pública ao finalizar a avaliación de todos os alumnos presentados. Así mesmo, encargarase de introducir e asinar as cualificacións dos TFG nas actas dixitais no prazo establecido.

Todo alumno/a autorizado para realizala defensa do seu TFG que non se presente a mesma, será calificado/a coma non presentado.



| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 11/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

# 5. Revisións e reclamacións das cualificacións

## 5.1. Revisión das cualificacións

Os estudantes terán dereito á revisión das cualificacións.

### 5.1.1. Revisión das cualificacións do titor

Dende o decanto da FEP se solicitará a cada titor as súas calificacións e as datas de revisión e se farán públicas no Campus virtual da materia.

### 5.1.2. Revisión das cualificacións do tribunal

Na acta de cualificación final de TFG (Anexo XIII) figurarán a data, a hora e o lugar da revisión, que se efectuará dentro das 24 horas seguintes á defensa. Na revisión estará presente cando menos, un membro do tribunal avaliador.

## 5.2. Reclamación das cualificacións

Os estudantes poderán reclamar a cualificación definitiva asinada polo tribunal do TFG.

A reclamación presentarase nun prazo non superior aos dous días inmediatamente posteriores á publicación da cualificación do TFG, mediante escrito razoado das causas de reclamación dirixido ao/á decano/a do centro, que se presentará na Secretaría de Decanato. O procedemento regularase polo establecido no artigo 31 do texto consolidado das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario xa citadas.

# 6. Publicación do traballo de fin de grao

Aqueles traballos que acaden unha cualificación numérica igual ou superior a 7 serán remitidos ao Repositorio Institucional da UDC (RUC, co enderezo web <http://ruc.udc.es>) para a súa publicación. Quedarán rexistrados como unha publicación en formato electrónico, e salvagardaranse sempre os dereitos de propiedade intelectual correspondentes á autoría.

No caso de que o/a estudante non desexe autorizar a publicación do seu TFG no RUC debe solicitalo no momento de entregar o TFG mediante a presentación do Anexo XIV, que estará dispoñible a través da plataforma Moodle.

# 7. Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Centro. Quedan derrogadas todas a disposicións anteriores.





| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 12/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

# Anexo I. Proposta de traballo de fin de grao

Proposta de TFG en Grao en ..............................................................................................................................

CURSO 20......../20........

## DATOS DO/A ESTUDANTE

Apelidos: ............................................................................... Nome: .............................................................

DNI/Pasaporte: ..................................................................... Teléfono: .........................................................

Enderezo: .............................................................................................................................................................

Correo electrónico: .............................................................

## DATOS DO/S TITOR/ES

### TITOR/A

Apelidos: ............................................................................... Nome: .............................................................

DNI/Pasaporte: ..................................................................... Teléfono: .........................................................

Correo electrónico: .............................................................

### TITOR/A

Apelidos: ............................................................................... Nome: .............................................................

DNI/Pasaporte: ..................................................................... Teléfono: .........................................................

Correo electrónico: .............................................................

## DATOS DO TFG

Título do TFG en castelán

.......................................................................................................................................................................

.......................................................................................................................................................................

Título do TFG en galego

.......................................................................................................................................................................

.......................................................................................................................................................................

Título do TFG en inglés

.......................................................................................................................................................................

.......................................................................................................................................................................

Modalidade do TFG: ............................................................

O/s titor/es acepta/n a dirección deste traballo de fin de grao.

...................................................................., ............, de ............................................ de 20........

Asdo.: ........................................................................ Asdo.: ..........................................................................

Titor/a Titor/a





| Código Seguro De Verificación | B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Secretario/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Fátima Santalla Borreiros | Asinado | 08/10/2020 20:30:48 |
| Observacións | Aprobado en Xunta de Centro o 8 de outubro de 2020. | Páxina | 13/28 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/B4wcctIDuGBcafAfewDaGA== | | |

## Anexo II. Estrutura xeral do traballo de fin de grao

| Apartados | Descrición |
|---|---|
| **Portada do TFG** | Farase seguindo o modelo que se atopará dispoñible na plataforma Moodle. |
| **Relación de titores do TFG** | O nome completo dos titores do traballo incluirase na segunda folla do TFG. |
| **Agradecementos** | Son opcionais. |
| **Índice** | Xuntarase en folla á parte un índice con todos os títulos e subtítulos das distintas seccións do traballo, os cales terán que ir numerados. Consignarase tamén o número da páxina correspondente. |
| **Resumo estruturado** | Terá os seguintes apartados: obxectivos, metodoloxía, resultados e conclusións. |
| **Siglas e acrónimos** | Debe indicarse o seu significado a primeira vez que se utilizan no texto. |
| **Contido** | Seguirase a estrutura propia de cada modalidade de traballo. |
| **Bibliografía** | As referencias consignaranse de acordo co estilo Vancouver ou APA. |
| **Anexos** | Son opcionais |
| **Figuras** | A inclusión de figuras debe estar plenamente xustificada, e cumprirá citalas no texto. Cada figura irá numerada con números arábigos segundo a orde de citación no texto e acompañada dun pé de figura en que se explique brevemente o que se pretende ilustrar. Tomaranse como referencia as pautas establecidas no estilo Vancouver ou APA. |
